

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 25 DE XANEIRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Valga dun treito antigo da estrada EP-8503 Cordeiro-Senín.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba o Plan de dinamización da Área Rexurbe de Tui e se designa ao Instituto Galego da Vivenda e Solo como organismo da Xunta de Galicia que deberá participar nel.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da Addenda ao Convenio subscrito o 22 de marzo de 2022 entre a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e a entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), para a execución da terminal de autobuses, o aparcadoiro de turismos e os elementos comúns á remodelación da estación ferroviaria na súa integración nunha área de intermodalidade de transporte de viaxeiros na Coruña-San Cristobal. Plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe dun millón oitocentos cincuenta e sete mil trescentos oitenta e cinco euros con noventa e tres céntimos (1.857.385,93 €, IVE incluído).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se aproba o tramite de información pública e informe da administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado Mellora da capacidade e seguridade da LU-540 (Viveiro-Cabreiros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto Planta de produción de biocombustible e planta de coxeración eléctrica baixo un modelo de Industria 4.0, promovido por Talentya Digital Global Solutions, S.L, no concello de Pedrafita do Cebreiro (Lugo).
- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas destinadas á creación, reforma ou dotación de equipamento ou infraestruturas de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao ano 2024.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se toma razón do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Vigo para a construción dun instituto de educación secundaria (IES) en San Paio de Navia (Vigo).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o desenvolvemento dun programa experimental de intervención con enfoque transdisciplinar e segundo a metodoloxía de atención integral e centrada na persoa, para persoas con discapacidade. Importe: catrocentos setenta mil euros (470.000,0€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que aproba o Contrato Programa da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 para a coordinación e prestación de Servizos de Urgencias Médicas 061 no período 2024-2025.
- Acordo polo que se aproba o proxecto de construción do centro de protonterapia de Galicia como de excepcional interese público ao abeiro da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese público.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de concesión directa de subvencións á Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, para o desenvolvemento dunha área de estacionamento segura e protexida no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, con perspectiva de xénero, pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia; e pola Deputación Provincial de Ourense, por importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, por un importe total de seis millóns cincocentos oitenta e tres mil trescentos trinta e dous euros (6.583.332,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2024, por importe total de trinta e nove millóns cento vinte e un mil douscentos setenta e un euros con oitenta e un céntimos (39.121.271,81€).
- Acordo polo que se toma razón do programa de seguimento intensivo da demanda de emprego o 31 de decembro de 2023.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para a rexeneración e/ou mellora en masas consolidadas de frondosas autóctonas e para a xestión forestal sustentable para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea – NextgenerationEU.
- Acordo polo que se toma razón das actuacións que se levarán a cabo pola Consellería do Medio Rural para modificar progresivamente o período de prestación de servizos do persoal laboral adscrito a postos de natureza fixa-descontinua, pasando dos actuais 6 meses aos 9 meses no ano 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a resolución de concesión directa de axudas de carácter extraordinario destinadas a garantir a sustentabilidade da actividade marisqueira mediante a achega de fondos para compensar a minoración dos ingresos económicos percibidos que pon en risco a asunción dos custos básicos da actividade, por un importe de catro millóns de euros (4.000.000 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o endebedamento da Xunta de Galicia: avance peche 2023.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre o impulso de novas actuacións prioritarias en materia de estradas na provincia de Ourense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE VALGA DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA OS NÚCLEOS DE CORDEIRO E SENÍN

- Transfírense á entidade local o treito de 198 metros de lonxitude na marxe esquerda do punto quilométrico 0+200 da EP-8503
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao decreto polo que se aproba a transferencia a prol do Concello de Valga dun treito antigo da vía provincial EP-8503, que comunica Cordeiro e Senín.

O Concello de Valga e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron o compromiso de solicitar a transferencia de titularidade deste viario.

Concretamente, transfírense a prol do Concello de Valga o treito antigo de 198 metros situado no punto quilométrico 0+200, marxe esquerda, da estrada provincial EP-8503.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade deste treito.

A transferencia a prol do Concello de Valga tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Valga ten a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da EP-8503 obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA OPOSICIÓN DE ENSINO PÚBLICO PARA 1743 PRAZAS EN MÁIS DE MEDIO CENTO DE ESPECIALIDADES

- Dá a coñecer que as probas se celebrarán a partir do sábado 22 de xuño, unha vez remate o curso escolar
- Precisa que haberá 1512 prazas, o 86 % de novo ingreso, e as 231 restantes serán de promoción interna aos corpos de ensino secundario e de inspectores
- Das de acceso libre 520 son de mestres, 875 de profesores de ensino secundario, 84 de especialistas en sectores singulares da FP e 33 de docentes de escolas de idiomas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a través da Oferta Emprego de Público docente de 2024, o Goberno galego convocará un total de 1743 prazas este ano para máis de medio cento de especialidades. "É a OPE máis alta dos últimos cinco anos", salientou o mandatario galego, quen precisou que as probas celebraranse a partir do sábado 22 de xuño, unha vez remate o curso escolar.

O obxectivo desta convocatoria é consolidar a estabilidade do que é o pilar do sistema educativo público, os docentes, co obxecto de seguir aumentando o número de mestres no ensino e mellorar a atención dos alumnos. Non en balde, segundo salientou o presidente da Xunta, das 1743 prazas, un total de 1512, o 86 %, son de novo ingreso. Delas, segundo precisou, 520 son para o corpo de mestres, 875 para o de profesores de ensino secundario, 84 do novo corpo de profesores especialistas en sectores singulares da FP e 33 de escolas oficiais de idiomas.

A maiores, as oposicións permiten ao profesorado avanzar na súa carreira docente. Deste xeito, Rueda avanzou que as 231 prazas restante son para que funcionarios docentes poidan acceder ao corpo de profesores de ensino secundario (220) ou ao de inspectores de educación (11).

Tanto o decreto de oferta de emprego público como as convocatorias foron presentadas ás organizacións sindicais na Mesa Sectorial, onde se analizou a distribución por especialidades, a reflectida nas seguintes táboas:

Corpo de mestres

520 prazas, oito especialidades

Especialidades	Prazas
Educación Infantil	50
Lingua Estranxeira: Inglés	65
Lingua Estranxeira: Francés	50
Educación Física	40
Música	20
Pedagogía Terapéutica	110

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Audición e Linguaxe	80
Educación Primaria	105

Corpo de profesores de ensino secundario

875 prazas, 34 especialidades

Especialidades	Prazas
Filosofía	24
Latín	10
Lingua Castelá e Literatura	36
Xeografía e Historia	29
Matemáticas	24
Física e Química	20
Bioloxía e Xeoloxía	10
Debuxo	15
Francés	10
Inglés	80
Música	10
Educación Física	46
Orientación Educativa	21
Tecnoloxía	60
Lingua Galega e Literatura	80
Economía	22
Administracións de Empresas	15
Formación e Orientación Laboral	20
Informática	50
Intervención sociocomunitaria	22
Organización e Xestión Comercial	17
Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	19
Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica	20
Procesos de produción agraria	11
Sistemas Electrotécnicos e Automáticos	16
Instalacións e mantemento de equipos térmicos e de fluídos	10
Instalacións electrotécnicas	18
Operacións e equipamentos de produción agraria	10
Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico	13
Procedementos sanitarios e asistenciais	18

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Procesos comerciais	11
Procesos de xestión administrativa	25
Sistemas e aplicacións informáticas	65
Equipos electrónicos	18

Corpo de profesores especialistas en sectores singulares da FP

84 prazas en cinco especialidades

Especialidades	Prazas
Cociña e pastelería	10
Fabricación e instalación de carpintería e moble	11
Mantemento de vehículos	25
Mecanizado e mantemento de máquinas	28
Soldadura	10

Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas

33 prazas en tres especialidades

Especialidades	Prazas
Francés	9
Galego	7
Inglés	13
Portugués	4

Acceso ao corpo de Inspectores de Educación

Especialidade	Prazas
Inspección Educativa	11

Acceso do Subgrupo A2 ao Subgrupo A1 ao corpo de profesores de ensino secundario

Especialidades	Prazas
Filosofía	6
Latín	2
Lingua Castelá e Literatura	9
Xeografía e Historia	7

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Matemáticas	6
Física e Química	5
Bioloxía e Xeoloxía	2
Debuxo	4
Francés	2
Inglés	20
Música	2
Educación Física	12
Orientación Educativa	5
Tecnoloxía	15
Lingua Galega e Literatura	20
Economía	6
Administracións de Empresas	4
Formación e Orientación Laboral	5
Informática	13
Intervención sociocomunitaria	6
Organización e Xestión Comercial	5
Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	5
Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica	5
Procesos de produción agraria	3
Sistemas Electrotécnicos e Automáticos	4
Instalacións e mantemento de equipos térmicos e de fluídos	2
Instalacións electrotécnicas	5
Operacións e equipamentos de produción agraria	2
Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico	3
Procedementos sanitarios e asistenciais	5
Procesos comerciais	3
Procesos de xestión administrativa	6
Sistemas e aplicacións informáticas	16
Equipos electrónicos	5

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLAN DE DINAMIZACIÓN DA ÁREA REXURBE DE TUI, QUE ESTIMA EN 23,4 M€ O FINANCIAMENTO NECESARIO PARA IMPULSAR A REVITALIZACIÓN DESTES ÁMBITO

- Convértese no terceiro concello en dotarse deste instrumento, concibido como unha folla de ruta para os próximos catro anos cos obxectivos e liñas estratéxicas a seguir nos eidos arquitectónico, urbanístico, ambiental, económico, social e demográfico
- A área de rexeneración urbana de interese autonómico tudense abrangue o conxunto histórico do municipio, declarado BIC, e outras zonas da contorna, un ámbito de 135.000 m² con máis de 360 edificios e unha poboación de ao redor de 1.900 persoas
- Entre as accións concretas a impulsar figuran a rehabilitación de inmobles xa construídos e deteriorados, a reordenación do tráfico rodado e peonil dentro do ámbito, a conexión do conxunto histórico co paseo fluvial, o fomento de iniciativas empresariais innovadoras e do *coworking* e o apoio á emancipación xuvenil
- Como principais fontes de investimento para poder cumprir cos obxectivos do plan, prevese contar con fondos do Goberno galego, do Concello e capital privado

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Plan de dinamización da área de rexeneración urbana de interese autonómico (Área Rexurbe) de Tui, un instrumento de planificación plurianual no que se integran actuacións a nivel arquitectónico e urbanístico, dirixidas a fomentar as políticas de rehabilitación e a mellora dos espazos e equipamentos públicos, e outras que buscan unha reactivación económica, demográfica e social do dito ámbito.

O obxectivo final é avanzar na dinamización e revitalización do municipio pontevedrés a través do impulso da súa Área Rexurbe, para o cal se estima que será necesario un financiamento de aproximadamente 23,4 millóns de euros procedentes tanto de fondos públicos como privados.

Para tal fin, o plan aprobado hoxe e elaborado polo Concello de Tui a partir dun modelo que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) puxo á disposición dos municipios a modo de guía, determina a folla de ruta a seguir durante os vindeiros catro anos, os eidos nos que deberán centrarse as actuacións e as medidas sobre as que se porá o foco, así como os organismos públicos que participarán na súa posta en práctica.

Cómpre lembrar que a figura da Área Rexurbe se creou ao abeiro da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia aprobada en 2019 coa finalidade de facilitar a recuperación de conxuntos históricos declarados Bens de Interese Cultural (BIC) a través da aposta por combinar e concentrar os recursos para que cheguen alí onde máis se necesitan, posibilitando á vez a combinación de diferentes instrumentos de financiamento público-privado.

Nestes momentos existen en Galicia sete Áreas Rexurbe: as de Mondoñedo, A Coruña e Ribadavia, declaradas no ano 2020; a de Tui, en 2021; as de Ribadeo e Ferrol, aprobadas un ano despois; e a máis recente, a de Betanzos, declarada oficialmente en 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo de agora, só dúas—Mondoñedo e Ribadeo— xa teñen aprobado e en vigor o seu correspondente Plan de dinamización, polo que Tui se converte desde hoxe no terceiro concello galego en dotarse dun instrumento propio para impulsar a recuperación integral do seu conxunto histórico e, por extensión, do resto do municipio.

Medidas concretas

A Área Rexurbe do Concello de Tui foi aprobada en setembro do ano 2021 e abrangue unha superficie de algo máis de 135.000 metros cadrados. Nela está incluída a totalidade do seu conxunto histórico —declarado Ben de Interese Cultural— e tamén outras zonas da contorna: Paseo da Corredoira, Bispo Lago e Martínez Padín N-550.

No ámbito delimitado, hai identificados máis de 360 edificios dos cales 67 están nun estado malo, ruinoso ou deficiente. Ademais, na zona residen ao redor de 1.900 persoas, unha poboación bastante envellecida xa que case a cuarta parte superan os 65 anos.

Toda esta información foi valorada polo Goberno local á hora de redactar o Plan de dinamización e deseñar os obxectivos e liñas estratéxicas a seguir. Neste sentido, o documento prevé actuacións dinamizadoras desde o punto de vista arquitectónico, urbanístico e ambiental; medidas para reactivar a economía e o emprego; e propostas en clave social e demográfica que contribúan a revitalizar o ámbito, información que se canalizará a través do persoal a cargo da oficina ou centro Rexurbe municipal.

Máis concretamente, algunhas das medidas polas que se aposta no documento pasan por promover a conservación do patrimonio xa edificado a través das axudas e incentivos fiscais á rehabilitación; a reordenación da mobilidade con estudos para reestruturar o tráfico rodado, un novo aparcamento ou a creación dun gran eixo peonil; a mellora da calidade de vida apostando por unha iluminación pública máis eficiente, un plan de accesibilidade ou intervencións humanizadoras nas prazas do conxunto histórico; e a recuperación de edificios de referencia como o cárcere vello ou o antigo teatro.

A nivel ambiental tamén prevé conectar o municipio coa fronte fluvial e impulsar os espazos verdes ao tempo que se buscará potenciar a memoria urbana de Tui, cun estudo para facer visibles e accesibles os restos da muralla que se conservan.

Desde o punto de vista económico, fomentaranse as iniciativas comerciais ou empresariais innovadoras, crearanse espazos de *coworking*, introducíranse redes de fibra na Área Rexurbe, reforzase o papel transfronteirizo do municipio, facilitando servizos de transporte público co Norte de Portugal, e apostarase polo comercio minorista, coa celebración de feiras de produción ecolóxica, a posta en marcha dunha plataforma local de comercio electrónico a creación dunha marca de calidade.

Finalmente, no eido social e demográfico, prestarase unha atención especial ás necesidades da poboación maior, con programas de convivencia interxeracional, unha mellor oferta cultural e de lecer e máis equipamentos. Así mesmo, fomentaranse o acceso da mocidade á vivenda, impulsando a emancipación xuvenil mediante programas de alugueiro a prezos accesibles co apoio do IGVS (a través dos edificios en estado de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

abandono adquiridos en Tui no marco do programa Rexurbe) ou co fomento doutras formas innovadoras de acceso á vivenda como o cooperativismo.

Vías de financiamento

A planificación prevista no Plan de dinamización de Tui comprende catro anualidades: 2024, 2025, 2026 e 2027. Non obstante, hai actuacións e investimentos que se iniciaron xa tras a declaración da Área Rexurbe no ano 2021 e que terán continuidade nos seguintes exercicios, polo que, por coherencia, aparecen recollidos tamén no plan e na súa memoria económica.

O financiamento de todas as actuacións previstas farase a través das diferentes convocatorias de axudas públicas nas que poidan ter encaixe, con cargo ás partidas orzamentarias dispoñibles das administracións participantes no plan así como co capital privado que se logre atraer grazas aos proxectos impulsados na Área Rexurbe.

En total e segundo se recolle na memoria de viabilidade económica do propio plan, estímase que as actuacións previstas no período 2024-2027 requirirán dun investimento duns 23,4 millóns de euros, incluíndo unha achega do Concello estimada en 2,9 millóns de euros, 16,8 millóns que achegarán os distintos departamentos da Xunta participantes, co IGVS á cabeza, e o resto, procedente de capital privado e doutras administracións.

En todo caso, cómpre lembrar que o Plan de dinamización da Área Rexurbe é un instrumento estratéxico e de planificación que non implica compromisos de gasto senón que está supeditado á obtención de financiamento a través das diferentes vías previstas, motivo polo que será obxecto de posibles axustes e revisións por parte dunha Comisión Técnica de Seguimento creada para tal fin.

A maiores, cómpre subliñar que dentro do ámbito da Área Rexurbe de Tui están en execución unha serie de actuacións que contan coa implicación da Xunta e se reflicten tamén no Plan de dinamización. Entre elas, cómpre destacar que a Área de Rehabilitación Integral (ARI) do casco histórico de Tui ten asignado un orzamento de 213.445,5 euros para rehabilitación. Así mesmo, o IGVS adquiriu en Tui, no marco do programa Rexurbe, catro inmobles en estado de abandono para rehabilitalos e destinar as vivendas resultantes a alugueiro social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE LUZ VERDE AO INCREMENTO DA CAPACIDADE DO APARCADOIRO DA ESTACIÓN INTERMODAL DA CORUÑA, QUE DISPORÁ DE MÁIS DE 550 PRAZAS

- A creación de máis de 250 novas prazas sobre as inicialmente previstas obriga a modificar o convenio entre a Xunta, o Concello da Coruña e Adif para o impulso da estación intermodal
- O Goberno galego, que se ocupa da construción da estación de autobuses e do aparcadoiro, será o encargado de materializar o acordo
- A ampliación de estacionamento supón un incremento de 1,8 M€ no orzamento que financiará, principalmente, Adif, como futuro titular do *parking*
- A integración da terminal de autobuses na estación de ferrocarril permitirá o intercambio de modos de transporte en menos de 5 minutos
- A nova estación de autobuses acollerá 500 expedicións diarias e 2,7 millóns de viaxeiros ao ano
- A estación intermodal mobiliza un investimento global de 120 M€, dos cales 20,57 M€ son achegados pola administración autonómica

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da addenda ao convenio co Concello da Coruña e Adif para incrementar a capacidade do aparcadoiro da estación intermodal da Coruña, que disporá de máis de 550 prazas de estacionamento.

Esta modificación é necesaria para aumentar en máis de 250 as prazas inicialmente previstas no aparcadoiro da estación intermodal.

Unha vez asinado en marzo de 2022 o acordo entre as tres administracións para o impulso da estación intermodal, a Xunta, que executa a estación de autobuses e o aparcadoiro, avaliou tecnicamente a proposta da ampliación das prazas de aparcamento.

En paralelo, o Goberno galego tamén levou a cabo a tramitación desta modificación a través da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, que está ultimando a súa tramitación.

O Goberno galego, como responsable da execución da estación de autobuses e do aparcadoiro, encargárase de materializar os termos do novo acordo.

Esta ampliación das prazas de estacionamento supón un incremento de 1,8 M€ sobre o orzamento estimado inicialmente, que financiará, principalmente, Adif, segundo a repartición das responsabilidades económicas establecidas no convenio asinado e como futuro titular do aparcadoiro.

A Xunta continúa avanzando nas obras que lle competen, segundo o establecido no acordo de colaboración, para a construción da terminal de autobuses, do aparcadoiro e dos elementos comúns, que progresan a bo ritmo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas actuacións posibilitarán pasar do autobús ao tren en menos de 5 minutos desde unha nova terminal que acollerá máis de 500 expedicións diarias e 2,7 millóns de viaxeiros ao ano.

A terminal contará cun nivel superior ao que se accederá desde a avenida da Sardiñeira e albergará o edificio de viaxeiros, 20 dársenas de operación e a pasarela peonil de comunicación coa avenida do Ferrocarril; e cun nivel inferior, onde se situará o aparcadoiro.

A estación intermodal da Coruña, no seu conxunto, é froito da colaboración entre a Xunta, Adif e o Concello, que mobilizarán un investimento global de 120 M€, dos cales 20,57 M€ son achegados pola Administración autonómica.

O Executivo autonómico está a acometer as obras da estación de autobuses co aparcadoiro de turismos, cun investimento de 32,4 M€, dos que asumirá o 60 % do importe e o Concello contribuirá co restante 40 %.

O Goberno galego tamén executa as obras dos elementos comúns entre a estación de autobuses e a terminal ferroviaria, cun investimento de 10,8 M€, que cofinanciarán as tres administracións.

A remodelación da estación ferroviaria corresponderalle a Adif e os accesos nas avenidas da Sardiñeira e do Ferrocarril serán executados e financiados polo Concello da Coruña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA A MELLORA DA CAPACIDADE E DA SEGURIDADE DA ESTRADA LU-540, ENTRE VIVEIRO E CABREIROS, CUN ORZAMENTO DE 15 M€

- O Consello da Xunta tamén autorizou hoxe o expediente de información pública e o informe das administracións afectadas pola execución desta intervención
- A actuación desenvolverase en dúas fases, estando previsto licitar a execución da primeira obra nas vindeiras semanas
- Os obxectivos da actuación son reforzar a competitividade das comarcas da Mariña e da Terra Chá, mellorar a seguridade viaria e acadar desprazamentos máis eficientes
- No treito inicial, entre os puntos quilométricos 5 e 8, realizarase un acondicionamento completo da estrada, con rectificación de curvas, máis carril de adiantamento e a mellora dunha intersección
- No resto do tramo melloraranse os tempos de percorrido mediante a implantación de carrís adicionais de adiantamento naqueles treitos nos que a pendente supere o 3 %
- Tamén se rehabilitará a capa de rodaxe da estrada en todo o ámbito de actuación

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para a mellora da capacidade e da seguridade da estrada LU-540, entre Viveiro e Cabreiros, que suporá un orzamento de 15 M€.

O Goberno galego tamén autorizou o expediente correspondente aos trámites de información pública e o informe das administracións afectadas pola execución desta intervención.

Trátase do acondicionamento da estrada LU-540, ao longo de 35 quilómetros, que se levará a cabo en dúas fases, prevendo licitar as obras da primeira fase nas vindeiras semanas.

Actualmente, o treito interurbano da estrada, a partir do punto quilométrico 5, unha vez pasado Landrove, presenta unha alta porcentaxe de prohibición de adiantamento, dun 73 % en sentido Lugo e dun 83 % en sentido Viveiro, e ten curvas de raio reducido.

Co proxecto que se aproba reduciranse os tempos de percorrido mediante a implantación de carrís adicionais de adiantamento en rampla naqueles treitos nos que a pendente supere o 3 %, e ampliando a capacidade. Ademais, rectificaranse as curvas máis complicadas, ampliando os raios, de modo que todo o trazado permita circular a 90 km/h.

Os obxectivos da actuación son reforzar a competitividade territorial das comarcas da Mariña e da Terra Chá, mellorar a seguridade viaria dos condutores e ofrecerlles aos veciños desprazamentos máis eficientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Características técnicas

A primeira fase deste proxecto, cun orzamento de 7,88 M€, desenvolverase no treito comprendido entre os puntos quilométricos 5+000 e 20+090, ao paso polos municipios de Viveiro e Oourol.

Esta intervención consistirá no aumento da capacidade da vía en sentido Viveiro-Lugo mediante a implantación dun carril adicional para vehículos rápidos e incluírá un cambio de sentido na marxe esquerda do punto quilométrico 6+000. Neste treito inicial, tamén se realizará unha mellora do trazado entre os quilómetros 5 e 8, pasando dun raio mínimo de 70 metros a un de 120 metros.

Tamén se procederá, arredor do punto 10+300, á mellora da intersección, en ambas as marxes, pasando de estar enfrontadas a aumentar a distancia entre elas, para habilitar carrís centrais para as dúas.

Na contorna do punto quilométrico 14+000, disporase un carril adicional de adiantamento e mellorarase a intersección que dá acceso ao núcleo de Oourol.


No que se refire á segunda fase do proxecto, os traballos acometeranse entre os puntos quilométricos 20+090 e o 39+520, nos concellos de Muras e Xermade.

Neste treito, as actuacións centraranse no aumento da capacidade da vía nalgúns treitos en rampla, mediante a incorporación dun carril adicional para vehículos rápidos, reducindo a distancia entre os treitos de adiantamento contiguos.

Tamén se reforzará o firme ao longo dos 35 quilómetros de actuación e mellorarase as principais interseccións existentes, dotándoas de maior visibilidade, e carrís centrais de espera para todos os xiros á esquerda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Planos de situación dos tramos obxecto das obras:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,5 M€ Á CREACIÓN E MELLORA DE VIVEIROS INDUSTRIAIS NOS PARQUES EMPRESARIAIS GALEGOS

- O Consello informa da nova convocatoria que se publica mañá no DOG e que inclúe, como principal novidade, apoios para a reforma e dotación de equipamento dos viveiros existentes
- As axudas terán unha intensidade do 80 % con axudas máximas que poderán chegar aos 240.000 euros no caso da creación de viveiros e de 75.000 para as actuacións de mellora

O Consello da Xunta informou na súa reunión desta mañá da próxima convocatoria para a creación e mellora de viveiros industriais nos parques empresariais galegos dotada con 1,5 M€ ata 2025.

As axudas, de concorrencia competitiva, publicaranse mañá no *Diario Oficial de Galicia* e os concellos interesados disporán dun mes para realizar a súa solicitude. A principal novidade desta convocatoria -que se vén realizando desde 2016- é que, nesta ocasión, as axudas inclúen dúas liñas: por unha parte continúaase apoiando a creación de novos viveiros e, por outra, súmase unha liña para optimizar a utilización dos viveiros que están operativos, de tal xeito que se apoiará a reforma e dotación de equipamento e infraestruturas dos 21 viveiros existentes que xa reciben axudas para a súa creación.

Ademais, introdúcense outras novidades como, por exemplo, que só se apoiarán novos viveiros naquelas localizacións nas que non existan nas súas proximidades este tipo de infraestruturas se estas teñen capacidade para albergar novas empresas; a ampliación ata os 48 meses no período de acollemento das empresas; ou a flexibilización dos requisitos de entrada e posibilidade de incorporación doutras empresas non industriais que xustifiquen a súa relación dentro da cadea de valor dunha actividade industrial.

A intensidade da axuda en ambos os dous casos será do 80v% cun máximo de 240.000 euros no caso da creación de viveiros e de 75.000 para a realización de melloras. Os beneficiarios poderán recibir anticipos de ata un 25 % da axuda concedida.

A convocatoria pretende contribuír a xerar as condicións e os servizos precisos para a implantación inicial e consolidación de empresas nas súas primeiras etapas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PLANTA DE BIOCOMBUSTIBLE E DE COXERACIÓN ELÉCTRICA EN PEDRAFITA DO CEBREIRO

- Promovida por Talentya Digital Global Solutions e deseñada por Uniconfort, prevé producir ata 60.000 toneladas de biocombustible ao ano e xerar 2,1 MW de electricidade que darán servizo á planta
- Cun investimento de máis de 23 M€, utilizaranse tecnoloxías avanzadas e solucións de Industria 4.0 co obxectivo de desenvolver, ademais, un proxecto de xestión forestal sustentable que fomente un modelo de economía circular

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como iniciativa empresarial prioritaria dunha planta de produción de biocombustible e de coxeración eléctrica en Pedrafita do Cebreiro na que se investirán 23 M€ e que se desenvolverá baixo un modelo de Industria 4.0.

Promovida pola empresa Talentya Digital Solutions e deseñada polo fabricante italiano Uniconfort, o proxecto consiste no desenvolvemento dunha industria de fabricación e aproveitamento de biomasa para producir biocombustible, así como unha planta de coxeración eléctrica que permitirá o seu autoabastecemento enerxético. A iniciativa tamén considera a posibilidade de incorporar un laboratorio de biotecnoloxía e un centro de interpretación en xestión forestal sustentable.

Segundo os promotores, o obxectivo é chegar a unha produción de ata 60.000 toneladas anuais de biocombustible e de 2,1 MW de electricidade, que permitirán dar servizo á planta sen depender de enerxía externa.

A empresa utilizará tecnoloxías avanzadas, así como solucións da Industria 4.0 -intelixencia artificial, big data ou *machine learning*- para mellorar a automatización, eficiencia, rastrexabilidade e calidade do produto final. Ademais, o proxecto promove un modelo de xestión forestal sustentable fomentando a economía circular desde a recollida da materia prima nos espazos forestais ata o proceso de produción e comercialización do produto final. Neste sentido, escolleuse esta localización pola gran superficie forestal da provincia de Lugo, que permite unha subministración constante e próxima de materia prima para o proceso produtivo.

O proxecto cumpre cos requisitos para recibir esta declaración: supera o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (en concreto, serán 23 M€); alcanza a creación mínima de emprego de 25 postos de traballo e complementa cadeas de valor ou pertence a sectores estratéxicos como é o forestal.

A nova declaración aprobada no Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

Deste xeito xa son 25 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas e lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte), Kern Pharma (Monforte de Lemos), Queserías Entrepinares (Vilalba) Granja Campomayor (Palas de Rei), a planta de Universal H2 (As Pontes), a planta biotecnolóxica In Proteins for All en Curtis; o centro de Borgwarner en Nigrán; a planta de hidróxeno verde de Accionaplug en Arteixo; a planta de produción de hidrocarburos sintéticos de Greenalia e P2X-Europe en Curtis e agora este proxecto en Pedrafita do Cebreiro.

Esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa; máis incentivos fiscais ás empresas; e máis facilidades para acceder ao solo empresarial. A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de barreiras á actividade empresarial.

Desde este ano, na estratexia da Xunta de Galicia dirixida á atracción de investimentos industriais e ao avance na redución de burocracia, a Xunta incorpora novidades na tramitación de proxectos industriais, como o novo plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, no que poden incluírse os proxectos que superen os 800.000 euros e teñan incidencia no tecido industrial, ou a extensión da figura dos proxectos industriais estratéxicos a proxectos de menor envergadura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DARALLE O NOME DE DOMINGO VILLAR AO NOVO INSTITUTO DE NAVIA, QUE CONTARÁ CUN ORZAMENTO DE 14M€

- O Consello acórdao tras analizar o convenio entre a Consellería de Educación e o Concello de Vigo para a creación deste centro
- O Goberno galego ten comprometidos 14M€ para a construción do instituto, o primeiro que se axustará aos parámetros do Plan de nova arquitectura pedagóxica
- Estase redactando o proxecto e a previsión é licitar as obras ao longo de 2024, en canto o proxecto estea supervisado e asinado o convenio co Concello para a cesión dos terreos
- Os espazos serán flexibles e polivalentes e o edificio reducirá o consumo en aproximadamente un 30 % respecto doutros similares

O novo instituto IES de Navia levará o nome do escritor Domingo Villar, finado en maio de 2022. O obxectivo é render homenaxe ao autor vigués, dándolle o seu nome a un centro no que se formarán as futuras xeracións da cidade da oliveira. Cómpre salientar, ademais, que Villar é un dos autores máis lidos nos clubs de lectura das bibliotecas escolares, dado que logrou crear unha gran conexión co público xuvenil.

Así o acordou hoxe o Consello da Xunta, que tamén analizou o convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e o Concello de Vigo para a creación deste centro, logo de que o Concello dera ok o martes á proposta remitida pola Consellería. Ao abeiro deste documento, o Goberno galego construírá o centro cun orzamento aproximado de 14M€ (á espera do proxecto definitivo), unha cifra moi superior ao inicialmente previsto. A Consellería ten un compromiso orzamentario inicial por anualidades de 103.769,45€ para 2024, 6.761.639€ para 2025 e 6.761.639€ para 2026.

Nestes momentos, estase redactando o proxecto de construción do novo Instituto IES de Navia, logo de que a Xunta adxudicase a dita encarga en novembro de 2023 á UTE formada polas empresas Iglesias y Veiga Arquitectos e Mestura Arquitectes, por un importe de 328.000€. A previsión é licitar as obras ao longo de 2024, en canto o proxecto estea supervisado e asinado o convenio co concello para a cesión dos terreos.

Pola súa banda, o Concello de Vigo comprométese no convenio a axilizar todos os trámites municipais de posta á disposición dos terreos necesarios (unha parcela de 12.576 m² totais no barrio de Navia), concesión de licenzas de obras, primeira ocupación e actividade, unha vez comprobada a adecuación do proxecto á normativa técnica e urbanística de aplicación, e o axustamento das obras á licenza outorgada.

O novo instituto, que atenderá as necesidades educativas derivadas da dinámica poboacional nunha área de expansión como é o barrio de Navia, deseñárase seguindo as especificidades académicas, tecnolóxicas e de sostibilidade recollidas no Plan de nova arquitectura pedagóxica da Xunta para todas as actuacións que se acometen en centros educativos. Será o primeiro instituto construído con base nestes parámetros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Integrado na natureza

De acordo co plan funcional inicial, o novo instituto terá capacidade para arredor duns 700 alumnos de ESO e Bacharelato e ocupará unha superficie total de preto de 8.200 m². Dividirase en catro plantas (semisoto, planta baixa e dúas plantas altas), aproveitando a pendente da parcela e integrándose coa natureza. A cafetería e os ximnacios sitúanse como espazos conectados en volumes independentes, con porche exterior. A superficie útil total é de 7.177,72 m².

O edificio principal contará cun gran vestíbulo multifuncional, ágora exterior e interior, foros, aulas de ESO e Bacharelato e de desdobre, biblioteca, zonas de *taquillas*, aseos, sala de profesores e local para a Anpa, zona de instalacións e aulas específicas (*maker*, de música, de tecnoloxía, laboratorios, seminarios...).

O proxecto integra a masa arbórea de especies autóctonas que hai ao norte da parcela como eixo vertebrador das circulacións do centro. Os espazos exteriores ocupan 8.018,89 m² e están compostos polos bosque, o patio cuberto e a pista deportiva descuberta, ademais dun patio verde.

Espazos flexibles e polivalentes

Segundo o Plan de nova arquitectura pedagóxica, a organización espacial está pensada para que as distintas áreas funcionais fomenten a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, lugares de encontro para os estudantes de diversos ciclos. Propóñense espazos docentes acolledores e interactivos, que fomenten novos modelos de aprendizaxe, dinámicos e adaptables.

Todas as aulas do mesmo ciclo agrúpanse e permiten, mediante a apertura de tabiques móbiles, a unificación ou separación de dous espazos. Ademais, establécense secuencias de espazos conformando paisaxes de aprendizaxe, a modo de foros, espazos polivalentes centrais comúns que permiten expandir tanto as aulas como os espazos de apoio ou desdobre para poder compartir traballos ou experiencias.

Redución do 30 % no consumo

En canto aos elementos construtivos, as cubertas serán inclinadas de chapa sándwich de aceiro lacado e alma illante sobre subestrutura con rotura de ponte térmica e as fachadas, de prefabricados de formigón armado branco de 12cm de espesor anclada con perfís de aceiro galvanizado ou inoxidables e outra tipo SATE, segundo a zona. As fiestras serán de aluminio con rotura de ponte térmica de altas prestacións, con acristalamentos dobres con factor solar e illamento acústico.

O edificio construírase con criterios de aforro enerxético, baseado en elevados niveis de illamento en todos os elementos, mediante un sistema construtivo que garante o illamento continuo en toda a envolvente, control de infiltracións de aire e optimización das ganancias solares mediante unha óptima orientación. Deste xeito, preténdese reducir nun 30 % o consumo enerxético respecto de edificios similares.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 470.000 EUROS A DAR CONTINUIDADE AO PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COGAMI

- Este programa execútase desde fai seis anos no Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi)
- Os usuarios contan con servizos de fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia ou neuropsicoloxía

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) de 470.000 euros para dar continuidade ao programa integral de atención desde as idades máis temperás que esta entidade desenvolve desde hai seis anos nas instalacións do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), en Santiago de Compostela. Esta colaboración permite seguir adiante cun servizo innovador que axuda a mellorar a calidade de vida e avanzar na plena integración de persoas con discapacidade.

Ao abeiro deste programa, profesionais dos ámbitos da discapacidade e do social, así como persoal experto en accesibilidade, traballan coas persoas con discapacidade e o seu contorno. Os usuarios do centro contan con servizos de fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia ou neuropsicoloxía para a rehabilitación das funcións cognitivas. Tamén se desenvolven terapias acuáticas e faise uso doutros equipamentos cos que conta o centro, como as salas de integración e estimulación sensorial ou as de psicomotricidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 160 M€ Á COORDINACIÓN E Á PRESTACIÓN DE ATENCIÓN SANITARIA URXENTE MEDIANTE A APROBACIÓN DO CONTRATO PROGRAMA DO 061 DE GALICIA

- Actualiza os recursos do servizo público de urxencias e emerxencias sanitarias para os vindeiros exercicios 2024 e 2025
- Incrementa un 22 % a asignación para financiar os servizos do 061 desde o inicio da presente lexislatura ata chegar aos 81,7 millóns o próximo ano
- Aumenta o gasto en persoal ata máis de 24 millóns pola previsión de incrementar o número de profesionais e incluír melloras retributivas e o acceso a diversos graos de carreira
- Os indicadores establecidos permiten reflectir con maior precisión as melloras na atención sanitaria á cidadanía e o incremento da eficiencia no emprego dos recursos públicos con maior exactitude

A Xunta de Galicia vai destinar 160.577.625 euros para garantir a coordinación e a prestación do servizo de asistencia e transporte sanitario urxente extrahospitalario na Comunidade Autónoma galega, a través da aprobación, hoxe, do contrato programa da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061. Este acordo supón a actualización dos recursos do servizo público de urxencias e emerxencias sanitarias para os vindeiros exercicios 2024 e 2025.

A sinatura do novo contrato programa entre o Servizo Galego de Saúde e o 061 establece un importe de financiamento de 78.818.275 euros para o ano 2024 e de 81.759.350 euros para 2025. Estas cifras supoñen un incremento do 22,5 % da asignación para financiar os servizos do 061 con respecto ao inicio da presente lexislatura, pasando de 63,3 en 2020 aos 81,7 M€ fixados desde 2025 a través deste contrato programa. No referente ao gasto de persoal, o orzamento de 2024 ascende 24.013.471 euros, un 5,6% respecto ao orzamentado o ano anterior. Este gasto inclúe as retribucións e seguridade social do cadro medio de persoal do 061 que foi en 2023 de 289 persoas, entre persoal médico, de enfermaría e persoal non sanitario, e que para 2024 estímase incrementar ata 293. Ademais, téñense en conta as melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde previstas no acordo da mesa sectorial aprobadas polo Consello da Xunta o pasado mes de xuño. Inclúense igualmente os importes dos novos graos de carreira profesional que se recoñezan ao persoal do 061 na actual convocatoria do procedemento ordinario de acceso aos graos I a IV de carreira profesional e o procedemento extraordinario de acceso ao grao II dirixido ao persoal estatutario temporal.

Deste xeito, a cidadanía recibirá a resposta máis adecuada á súa solicitude de consulta e asistencia sanitaria urxente extrahospitalaria na Comunidade galega, ao tempo que se actualizan as condicións da prestación destes servizos mediante criterios de mellora continua, seguridade clínica, competencia profesional e innovación tecnolóxica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O contrato programa 2024-25 define obxectivos estratéxicos e operativos, aliñados cos establecidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 e no Plan estratéxico 2024-2028 da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061. Deste xeito, o 061 comprométese a promover a atención sanitaria integral, adaptada ás distintas necesidades da poboación, e aproveitar as tecnoloxías que permitan prestar un mellor servizo asistencial.

Melloras do novo contrato programa

Todos os obxectivos do contrato programa estanse a medir a través de indicadores que, para os próximos dous anos, se definen máis detalladamente e, polo tanto, permiten reflectir con maior precisión as melloras na atención sanitaria á cidadanía, o incremento da eficiencia no emprego dos recursos públicos e a optimización da xestión do 061.

Outras melloras consisten en facilitar o funcionamento da Comisión de Seguimento e Control do contrato programa mediante o establecemento dunha regulación máis precisa, a definición máis concreta dos procedementos que permiten modificar este contrato programa, e a actualización dos programas asistenciais e os procesos clave para a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

Máis dun millón de chamadas ao ano

Segundo datos do ano 2022, o 061 recibiu 1.198.907 chamadas, que se traduciron en máis de medio millón de procesos asistenciais con 296.562 mobilizacións de ambulancias asistenciais de soporte vital básico (SVB), 22.462 mobilizacións de ambulancias medicalizadas e 1.227 mobilizacións de helicópteros ao ano. Así, destaca que o número de casos nos que foi requirida a intervención dos helicópteros do 061 supera o dobre de actuacións en 2022 con respecto a 2008, cando foran 538, e todos os recursos incrementan as súas actuacións: mobilizacións de ambulancias asistenciais de soporte vital básico, 59.496 máis; mobilizacións de ambulancias medicalizadas, 7.185 máis; ou procesos asistenciais, 135.746 máis.

Cómpre lembrar que, desde o ano 1995, o 061 é o organismo encargado de coordinar a atención ás urxencias e ás emerxencias sanitarias en Galicia. Así, cando varias demandas de atención coinciden no tempo, procede a súa clasificación, co obxecto de dar a resposta máis axeitada a cada unha delas, e segue criterios de gravidade e de optimización de recursos. Ofrece asistencia sanitaria sen mobilización de recursos (consello médico urxente, información sobre a saúde e asesoría médica) ou ben con mobilización (emerxencias, asistencia *in situ*, transporte sanitario urxente, visita domiciliaria e transporte secundario interhospitalario).

Ampliación da rede de transporte sanitario urxente terrestre

Ademais, co novo contrato do servizo de transporte sanitario urxente terrestre autorizado polo Consello da Xunta o pasado mes de decembro, a rede galega do 061 estará formada por 12 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (SVA) medicalizadas, 5 ambulancias asistenciais de SVA de enfermaría, 2 helicópteros medicalizados, 107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico e 3 ambulancias convencionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desta forma, Lalín contará desde abril cunha ambulancia de soporte vital avanzado de enfermería, un servizo que resolve máis do 96 % das súas asistenciais autonomamente, sen necesidade de mobilizar recursos medicalizados.

No caso do Concello da Veiga, dotarase dunha ambulancia convencional con base e zona de cobertura preferente no mesmo municipio, que contará cun desfibrilador externo semiautomático e un técnico en emerxencias sanitarias con formación no seu uso. Deste xeito, en caso de emerxencia, acurtaranse os tempos ata a masaxe cardíaca e a desfibrilación temperá, reforzando así a liña de cardioprotección das zonas rurais que ten funcionado en zonas como Pedrafita do Cebreiro ou Folgoso do Courel co mesmo recurso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A DECLARACIÓN COMO PROXECTO PÚBLICO DE URXENCIA E INTERESE SOCIAL DO NOVO CENTRO DE PROTONTERAPIA DE GALICIA QUE PERMITIRÁ INICIAR AS OBRAS NAS VINDEIRAS SEMANAS

- Destaca que Galicia “vai ser a primeira comunidade autónoma en comezar as obras” para albergar un dos dez equipos de protonterapia que a Fundación Amancio Ortega financiou para a súa incorporación ao Sistema Nacional de Saúde
- Indica que a terapia con protóns suporá unha gran mellora asistencial para a poboación galega, ao permitir unha menor e máis localizada radiación dos tumores
- Salienta que o centro vai atender tamén a pacientes doutras comunidades coma “Castela-León ou Asturias”
- A súa construción, xunto coa posta en marcha do Centro de Producción de Terapias Avanzadas (CAR-T), situarán Galicia como referente na abordaxe desta patoloxía
- A empresa construtora xa traballa na habilitación dun aparcadoiro provisional no Hospital Clínico de Santiago para compensar as prazas que se verán afectadas por esta actuación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello acordou esta mañá, na súa xuntanza semanal, “a declaración como proxecto público de urxencia e de excepcional interese, do novo Centro de Protonterapia de Galicia”, que se situará en Santiago de Compostela.

Con este trámite, o Executivo galego culmina os procedementos urbanísticos previos necesarios para iniciar a construción dun centro sanitario que situará Galicia á vangarda dos tratamentos contra o cancro. Así, e tras entrega do proxecto por parte da empresa adxudicataria, a execución das obras comezará nas vindeiras semanas.

Deste xeito, tal e como explicou o presidente “Galicia vai ser a primeira comunidade autónoma” en iniciar as obras do centro sanitario en que se instalará un dos dez equipos de protonterapia que a Fundación Amancio Ortega ten financiado para o Sistema nacional de saúde. Así, a Xunta dotará ao Servizo Galego de Saúde dunha nova tecnoloxía máis segura, eficaz e precisa que a radioterapia convencional, na que se empregan fotóns ou electróns.

O presidente asegurou que o novo centro de Protonterapia suporá unha importante mellora na calidade asistencial que se achega á poboación galega xa que esta tecnoloxía “de última xeración” é “máis segura e menos invasiva que a radioloxía convencional”; permite tratar con menor radiación e de forma máis localizada aos tumores, permitirá acurtar dun xeito significativo tanto os tempos de terapia necesarios, así como os posibles os efectos secundarios que poden derivar doutras técnicas.

Outra das melloras que supón a terapia con protóns é que reduce significativamente os tratamentos innecesarios en tecidos sans, sendo unha forma eficaz para aqueles tumores nos que a radioterapia convencional non resulta efectiva, e nos que a cirurxía non é unha opción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, o feito de que a rede sanitaria pública galega conte con este novo centro, tamén suporá unha extraordinaria plataforma para a impulsión da investigación nos eidos da física e a bioloxía da radiación. Un fito ao que debe engadirse a posta en marcha do Centro de Produción de Terapias Avanzadas (CAR-T), sendo dúas unidades que incidirán na loita contra un dos maiores desafíos que afrontan os sistemas de saúde, o cancro.

Centro de Protonterapia de Galicia

As obras do Centro de Protonterapia de Galicia situaranse na contorna do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, e estará proxectada a construción duns edificios que ocuparán 3.683 metros cadrados, ademais de contar con 6.075 metros cadrados de espazos exteriores.

No seu interior, o centro de terapia de protóns dividirase en dous niveis. Unha planta baixa para a recepción de pacientes e as áreas de tratamento, persoal e mantemento; e un primeiro andar onde se situará a zona de dirección e os equipamentos do edificio. Así mesmo, o inmoble contará con dous búnkers, que poderán albergar dous equipos Proteus One, reservándose o espazo para instalar, de ser o caso, un terceiro.

Tal e como salientou Rueda, o futuro Centro de Protonterapia de Galicia atenderá os pacientes da comunidade galega, e tamén tamén "recibirá os pacientes doutras comunidades, como Castela-León ou Asturias".

Aparcadoiro provisional no Hospital Clínico

En previsión ao inminente comezo das obras do Centro de Protonterapia de Galicia, e ás restricións que esta actuación urbanística xerará no aparcadoiro do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, a empresa construtora está a acondicionar unha parcela próxima ao recinto sanitario, para habilitala como aparcadoiro provisional, e así compensar as prazas que se verán afectadas por estes traballos.

Neste sentido, cómpre destacar que o acondicionamento da parcela do novo aparcadoiro provisional do Hospital Clínico comezou esta mesma semana, non sendo posible iniciar estes traballos con anterioridade ao requirir dunha licenza que non foi aprobada pola Xunta de Goberno do Concello de Santiago ata o pasado luns, día 22 de xaneiro.

A Xunta de Galicia agradece a comprensión cidadá ante esta nova actuación pois, tal e como recolle o acordo asinado esta mañá, o proxecto do novo Centro de Protonterapia de Galicia representa unha gran mellora social a nivel sanitario para o conxunto da poboación da nosa comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO POLÍGONO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS E COA DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA EXECUTAR UNHA ÁREA DE ESTACIONAMENTO SEGURA E PROTEXIDA

- As consellerías de Promoción do Emprego e Igualdade e de Infraestruturas e Mobilidade achegarán un investimento conxunto de 300.000 € e a Deputación de Ourense achegará 200.000 €, sumando un orzamento global de 500.000 €
- Segundo o acordo, a asociación empresarial deberá dispoñer os terreos necesarios, redactar o proxecto e licitar e executar as obras do aparcadoiro
- As instalacións, que se construírán na Central de Transportes de San Cibrao das Viñas, disporán dun mínimo de 59 prazas de aparcamento e dun peche perimetral de, polo menos, 1,80 metros de altura
- Para reforzar a seguridade dos usuarios, especialmente das condutoras, o proxecto deberá delimitar zonas prioritarias de actuación e dispoñer luces, sistemas de control de accesos ou cámaras para aumentar a vixilancia na área
- O obxectivo é incrementar o atractivo da profesión de transportista, favorecendo as condicións laborais e a incorporación da muller ao sector das mercadorías
- O acordo enmárcase na iniciativa de creación da primeira rede galega de áreas de estacionamento seguro e protexido para o transporte de mercadorías

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración coa Asociación de empresarios do polígono de San Cibrao das Viñas e coa Deputación Provincial de Ourense para executar unha área de estacionamento segura e protexida na contorna industrial.

Este acordo entre as consellerías de Promoción do Emprego e Igualdade e de Infraestruturas e Mobilidade, a Deputación Provincial de Ourense e a Asociación de empresarios do polígono de San Cibrao das Viñas permitirá desenvolver unha área de estacionamento no municipio ourensán.

No que se refire ao financiamento, o convenio establece que a Xunta, a través dos citados departamentos, achegará un investimento de 300.000 euros, e a Deputación Provincial de Ourense destinará 200.000 euros, sumando un orzamento global de 500.000 euros.

A asociación de empresarios deberá dispoñer os terreos necesarios para a intervención, redactar o proxecto e licitar e executar as obras do aparcadoiro no ámbito da Central de Transportes de San Cibrao das Viñas.

En relación ás características técnicas da área de estacionamento, as instalacións disporán, cando menos, de 59 prazas de aparcamento cunhas dimensións mínimas de 3,30 metros de ancho por 16,50 metros de longo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O aparcadoiro tamén deberá contar cun peche perimetral ou barreira física de, polo menos, 1,80 m de altura. Entre a barreira ou peche e a zona de estacionamento haberá unha zona libre de 1 metro.

Cómpre implementar na instalación todas as medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios, especialmente das condutoras. Neste sentido, a realización da obra deberá ir acompañada dun estudo previo co fin de identificar zonas prioritarias de actuación e dotarse de maior vixilancia a través do uso de luces, sistemas de control de accesos ou cámaras.

O obxectivo destas áreas é incrementar a seguridade nas paradas e zonas de descanso para garantir que estes espazos sexan seguros e accesibles para todas as mulleres, contribuíndo a facer máis atractiva a profesión de transportista, favorecendo as condicións laborais e a incorporación da muller ao sector do transporte de mercadorías, co gallo de reducir ao tempo a fenda de xénero actualmente existente neste sector profesional.

Este convenio de colaboración enmárcase na iniciativa de creación da primeira rede galega de áreas de estacionamento seguro e protexido para o transporte de mercadorías que está a impulsar o Goberno galego.

O Executivo autonómico, mediante esta iniciativa, reforza o apoio ao transporte de mercadorías por estrada en Galicia, consciente de que se trata dun colectivo que concentra o 6,97 % das operacións de tráfico intrarrexional de todo o territorio nacional e supón de forma directa en torno a un 1 % do PIB.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ CASE 46 M€ EN FORMAR MÁIS DE 2.000 PERSOAS DESOCUPADAS CON MÁIS DUN CENTO DE OBRADOIROS E PROGRAMAS DE EMPREGO ENTRE 2024 E 2025

- O Consello da Xunta aprobou hoxe dúas novas convocatorias autonómicas para o desenvolvemento de obradoiros duais (máis de 39,1 millóns de euros) e para programas mixtos de formación e emprego dirixidos a persoas mozas (case 6,6 millóns)
- No caso dos obradoiros duais, prevese beneficiar 1.820 persoas sen emprego a través da realización de 91 accións por parte de concellos ou doutras entidades
- Canto aos programas para menores de 30 anos, a previsión é beneficiar 240 persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil a través de 15 actuacións
- O obxectivo é ofrecer unha formación teórico-práctica para o emprego de calidade, mellorando as oportunidades laborais dos participantes a través da realización de melloras en infraestruturas locais ou de servizos de interese xeral

O Consello da Xunta aprobou hoxe dúas novas convocatorias da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade por un importe global próximo aos 46 millóns de euros no período 2024-2025 para a celebración de máis dun cento de obradoiros e programas de emprego dos que se poderán beneficiar máis de 2.000 persoas sen traballo, coa conseguinte mellora das súas oportunidades laborais. En concreto, máis de 39,1 millóns dirixiranse a beneficiar unhas 1.820 persoas a través da realización de 91 obradoiros duais, mentres uns 240 menores de 30 anos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil poderán acceder a 15 programas de emprego cun investimento próximo aos 6,6 millóns.

Os obradoiros duais, con data prevista de inicio o 1 de xullo de 2024, poden ser promovidos polos concellos, mancomunidades de municipios ou entidades públicas dependentes, así como por entidades sen ánimo de lucro do sector forestal. Nesta nova convocatoria, ofreceranse 9 meses de formación con contrato de traballo e coa posibilidade de inserción posterior en empresas da contorna, coa previsión de chegar a un 3 % máis de beneficiarios.

O alumnado, a maiores de formarse e realizar un traballo de interese público remunerado, pode obter un certificado de profesionalidade ao rematar a experiencia. Tamén se lles abre a posibilidade de traballar nunha empresa en ocupacións do ámbito das materias impartidas por un mínimo de tres meses unha vez completada a formación, grazas aos incentivos que ofrece a Xunta de Galicia.

A convocatoria de obradoiros duais porá o foco na formación forestal e nas iniciativas centradas na posta en valor das rutas do Camiño de Santiago, nas aldeas modelo ou nas áreas declaradas Reserva da Biosfera. Tamén obterán máis valoración as propostas de concellos fusionados ou emprendedores e de actividades relacionadas coas TIC e coa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

economía dixital, así como relacionadas co tecido empresarial e coas posibilidades de inserción futura.

Para acceder a estes obradoiros, priorizaranse as persoas que teñan especiais dificultades de inserción: mulleres, vítimas de violencia de xénero, emigrantes retornadas, persoas que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego, desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos, persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, entre outras. Terán preferencia tamén as persoas discapacitadas ou as beneficiarias do tramo de inserción da renda básica de Galicia, así como as que solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral.

Programas mixtos de formación e emprego dirixidos a persoas mozas

No relativo á outra convocatoria, trátase de programas públicos de emprego-formación cofinanciados pola Unión Europea que buscan mellorar a ocupabilidade das persoas mozas -menores de 30 anos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil- mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social que lles posibiliten a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación recibida, favoreza a súa inserción no mercado de traballo.

A duración dos programas -combinando a formación coa realización dun traballo remunerado- será de 12 meses. Poden ser promovidos por concellos, mancomunidades de municipios e entidades públicas dependentes ou vinculadas a concellos ou mancomunidades, tendo prioridade os concellos asociados, resultantes de fusión e os que teñan condición de concellos emprendedores. Tamén primarán os proxectos relacionados coas TIC, coa economía dixital, co tecido empresarial e coa posibilidade de inserción.

Cómpre engadir que a Xunta se encargará, en ambas as convocatorias, de financiar a formación profesional para o emprego (medios, materiais, contratación de persoal...), así como os custos salariais derivados dos contratos de traballo subscritos co alumnado.

Estas accións perseguen mellorar a empregabilidade dos participantes, ofrecéndolles unha formación teórico-práctica para o emprego de calidade. Así mesmo, a posta en marcha destes proxectos está a permitir -pola vía da colaboración entre administracións ou con outras entidades- a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas ou de uso público no ámbito local, así como a prestación de servizos de interese xeral e social que repercuten na mellora da calidade de vida e dos servizos para toda a sociedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 1.200 PERSOAS CONSEGUEN TRABALLO EN SEIS MESES DE FUNCIONAMENTO DO NOVO PROGRAMA DE SEGUIMENTO PARA DESEMPREGADOS ESTREADO NAS OFICINAS DE EMPREGO

- Rueda salienta que o 60 % dos participantes accederon a un posto de traballo, actualizaron o seu currículo ou iniciaron programas de formación para facilitar a súa inserción no mercado laboral
- Grazas a este programa estreado en xuño de 2003, a Xunta acompañou no proceso a máis de 17.500 persoas con dificultades para atopar un traballo, acceder ás ofertas do mercado laboral ou sumarse aos programas de formación e de orientación que ofrece o Servizo de Emprego de Galicia
- Tras a actualización dos expedientes, 4.000 persoas deixaron de figurar coma demandantes de emprego ben ao atopar un traballo ou porque realmente non mantiñan unha busca activa
- O obxectivo é “analizar a situación da falta de emprego entre os colectivos con máis dificultades para atopar un traballo” e axudales a mellorar a súas oportunidades laborais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe o resultado dos primeiros 6 meses de funcionamento do programa de seguimento intensivo da demanda de emprego posto en marcha en xuño de 2023, que permitiu a máis de 1.200 persoas desempregadas rexistradas nas oficinas de emprego atopar unha ocupación nese período.

Tal e como explicou, esta iniciativa naceu “para axudar e analizar a situación de falta de emprego entre os colectivos con máis dificultades” para atopar un posto de traballo. “Trátase de facer un seguimento personalizado das persoas que se detectou de xeito obxectivo que tiñan máis dificultades para atopar un emprego ben polas súas condicións ou ben pola súa permanencia, máis de 5 anos, nas listas de emprego”, salientou.

Grazas a este programa, actualízanse as demandas de emprego para reflectir a situación actual dos traballadores e se reforza a información e atención personalizada aos usuarios.

Rueda salientou que un total de 17.560 persoas participaron no programa, o 12 % do total de persoas rexistradas como demandantes de emprego nas oficinas galegas. Nos primeiros seis meses de vixencia, 1.233 persoas resultaron contratadas; “un 40 % puideron actualizar o seu currículo e o 15 % iniciaron itinerarios para a mellora da súa empregabilidade”.

A Administración autonómica está a identificar as necesidades das persoas desempregadas a través de plans personalizados (itinerarios) para acadar o seu obxectivo de inserción. Grazas ao novo programa de seguimento, iniciáronse 2.669

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destes itinerarios subscritos cos servizos de orientación. Esta circunstancia garante que os traballadores realicen accións formativas e participen en programas de emprego.

Grazas ao programa, a Xunta de Galicia actualizou ademais a demanda de emprego de 7.013 persoas para adaptala ás súas características persoais e de busca de emprego.

Cerca de 4.000 persoas deixaron nestes seis primeiros meses de ser demandantes de emprego. O 31 % (1.233 persoas) por ser contratadas no marco desta actuación. No 35 % dos casos as baixas realizáronse de xeito voluntario, noutro 21 % as persoas non estaban estar dispoñibles para o emprego (por incapacidade temporal, obrigas familiares...) e o 13% restante por se tratar de persoas que non están en busca activa dun traballo, pero si acceden a actividades de formación ou orientación, entre outros.

O sistema de seguimento implantado nas oficinas de emprego diríxese a catro perfís de usuario do Servizo Galego de Emprego: (1) persoas que rexeitan unha oferta ou abandonan sen xustificación un servizo de orientación, formación ou mixto; (2) as que levan máis de 5 anos inscritas nas oficinas de xeito ininterrompido e non realizaron ningún curso ou cita de orientación nos dous últimos anos (3) desempregados que non confirman a súa dispoñibilidade para un mínimo de tres ofertas laborais nun ano; (4) usuarios que non se presentan a citas de orientación laboral e carecen de itinerario de emprego activo, un dos mecanismos de orientación que brinda o servizo de emprego autonómico.

Rueda salientou que o Goberno galego busca, con estas medidas, facer que o sistema público de emprego sexa "o máis eficaz posible" na busca dun traballo. Para iso é preciso adaptalo ás novas necesidades do mercado laboral e dar saída ás vacantes de traballo que existen na actualidade en diversos sectores económicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA POR PRIMEIRA VEZ AXUDAS PARA A MELLORA DA XESTIÓN ACTIVA DAS MASAS CONSOLIDADAS DE FRONDOSAS AUTÓCTONAS, CUN ORZAMENTO INICIAL DE 680.000 EUROS

- A convocatoria conta con dúas liñas de axudas, unha destinada para a rexeneración ou mellora de masas consolidadas de frondosas autóctonas e outra centrada na xestión forestal sustentable para usos silvopastorais nelas
- Galicia conta con preto de 1,5 millóns de hectáreas de superficie arborada, das cales 619.561 están dominadas principalmente por masas de frondosas autóctonas
- Os sistemas silvopastorais supoñen en Galicia unha oportunidade co uso do gando, non só para incrementar a rendibilidade económica, senón tamén para reducir de xeito importante o risco de incendios forestais
- As bases reguladoras publicaranse mañá no *Diario Oficial de Galicia* e o prazo de presentación de solicitudes será de 30 días hábiles a partir deste mesmo sábado

O Consello da Xunta aprobou hoxe na súa reunión semanal as bases reguladoras da primeira convocatoria de axudas para a mellora da xestión activa das masas consolidadas de frondosas autóctonas, cun orzamento inicial bianualizado de 683.110 euros.

A convocatoria conta con dúas liñas de axudas. A primeira destínase para a rexeneración ou mellora das masas consolidadas de frondosas autóctonas e nela subvencionaranse as actuacións silvícolas necesarias para a xestión e o aproveitamento destes terreos. Neste caso, serán elixibles actuacións como tarefas de roza ou a plantación puntual con especies arbóreas frondosas para acadar a densidade axeitada.

A segunda liña de axudas céntrase na xestión forestal sustentable para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas. As actuacións que serán elixibles para subvención, neste caso, son tarefas de roza; a emenda caliza, a fertilización, o gradeo semipesado, a sementeira con especies pratenses e o pase de rulo; ou os peches cando o xustifique a súa necesidade.

En ambas as dúas liñas, o importe máximo que se concederá por beneficiario é de 30.000 euros. Na primeira liña, poderán solicitar as axudas tanto entidades locais como persoas físicas ou xurídica, mentres que na segunda só terán a posibilidade estas últimas.

Prazos de solicitude

A orde desta convocatoria de axudas publicarase mañá no *Diario Oficial de Galicia* e o prazo de presentación de solicitudes será de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación. Así, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses, contados a partir do día seguinte da finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O prazo máximo para presentar a xustificación das actuacións subvencionables é o 30 de xuño de 2025, e so serán subvencionables os gastos realizados e efectivamente pagados con posterioridade á data de inspección previa e como límite na data final de xustificación.

O orzamento total da convocatoria, por acordo na Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, ten a posibilidade de ampliarse, unha vez feitas as modificacións orzamentarias oportunas.

1,5 millóns de hectáreas de superficie forestal

A superficie forestal galega situábase a mediados do século XX en 540.000 hectáreas arboradas e esa foi crescendo ata acadar as 1.457.331 hectáreas, segundo os últimos datos do Inventario forestal continuo de Galicia.

Este cambio foi acompañado dunha expansión das masas de frondosas autóctonas, cuxa extensión actual é ampla, con 619.561 hectáreas que ocupan o 42,5 % da superficie arborada galega, dominadas principalmente polo carballo, cerquiño, castiñeiro e bidueiro. A distribución da superficie polas catro provincias galega é do 40,33 % na provincia de Lugo, do 31,75 % na de Ourense, do 18,72 na de Pontevedra e do 14,74 % na da Coruña.

Por outra banda, o monte en Galicia é fonte de numerosos bens directos e a madeira é o aproveitamento que presenta unha maior relevancia económica e social. Non obstante, os terreos de monte poden proporcionar pasto e cultivos forraxeiros, o que xa é unha realidade en moitos montes veciñais. A combinación de arboredo en baixa densidade con aproveitamento de gando en extensivo -sistemas silvopastorais- supón unha oportunidade relevante ao compatibilizarse unha actividade produtiva coa prevención de incendios, mediante a diminución da carga de combustible e a creación de paisaxes en mosaicos.

Os sistemas silvopastorais supoñen en Galicia unha oportunidade. O uso do gando no monte para consumir o pasto natural ou os brotes de matogueira que crecen baixo o arboredo ou nas matogueiras, se se selecciona adecuadamente o tipo de gando e o seu manexo (rotación, cargas medias e puntuais, acoutamentos), supón non só un incremento da rendibilidade económica, senón tamén unha redución importante do risco de incendios forestais.

A maiores, estas achegas enmárcanse no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) de España, máis concretamente no compoñente 4, enfocada na "conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade"; que ten como obxectivo alcanzar un bo estado de conservación dos ecosistemas mediante a súa restauración ecolóxica cando sexa necesaria, e reverter a perda de biodiversidade, garantido un uso sustentable dos recursos naturais e a preservación e mellora dos seus servizos ecosistémicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao mesmo tempo, esta convocatoria está vencellada coa primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "cara á neutralidade carbónica", aprobado polo Decreto 140/2021, concretamente encádrase no Eixo I de "Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais" e no Eixo IV de " Recursos forestais e cadea monte-industria estrutura e contidos".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PERSOAL LABORAL DE 6 MESES DE LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DA XUNTA PASARÁ A TRABALLAR 9 MESES AO ANO

- A medida implementarase de xeito gradual xa a partir deste ano, de forma que estes traballadores desenvolverán a súa actividade no 2024 durante 7 meses e, logo, irase incrementando ese tempo, a razón de 1 mes cada ano, ata completar os 9 meses no 2026
- A decisión beneficia case un milleiro de traballadores e vén reforzar a aposta da Xunta por un servizo contra incendios profesional, público e versátil
- Este proceso vén completar o desenvolvido nos últimos anos para incrementar progresivamente o período de actuación destes traballadores

A Xunta ampliará os contratos do persoal laboral do Servizo de Prevención e defensa contra incendios forestais (SPIF) que actualmente traballa ao longo de 6 meses ata os 9 meses ao ano. Así o decidiu hoxe o Consello do Goberno galego. A medida farase de forma gradual, pero xa a partir deste ano. Así, xa no 2024 os traballadores que teñen contrato de 6 meses pasarán a traballar 7 mensualidades. Nos vindeiros anos irase incrementando ese tempo, a razón de 1 mes cada ano, ata completar os 9 meses no 2026.

A medida beneficia case un milleiro de traballadores e vén reforzar a aposta da Xunta por un servizo contra incendios profesional, público e versátil. Deste xeito, a decisión terá unha repercusión moi positiva na estabilización destes postos de traballo e na protección do noso medio rural, seguindo na liña do que vén facendo a Xunta co obxecto de mellorar as súas condicións de traballo e o servizo que prestan.

Este proceso vén completar o desenvolvido nos últimos anos para incrementar progresivamente o período de actuación dos traballadores dun dispositivo formado por máis de 3.000 persoas, das cales actualmente xa dous terzos traballan todo o ano. Unha vez completado este novo proceso de estabilización, todos os integrantes do servizo traballarán, como mínimo, ao longo de 9 meses ao ano.

No eido da formación do persoal, cómpre mencionar tamén a posta en marcha do Centro integral para a loita contra o lume de Toén, en Ourense, ao tempo que se vén traballando na renovación do parque móbil deste servizo, así como no pulo aos medios aéreos, ampliando e mellorando o seu despregamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA AXUDAS EXTRAORDINARIAS E DIRECTAS POR 4,4 MILLÓNS DE EUROS PARA CONTRIBUÍR A PALIAR CUSTOS BÁSICOS DO SECTOR DO MARISQUEO

- A Consellería do Mar pretende pagar en febreiro 550 euros a sete mil profesionais tanto a pé como a frote que irán a cargo de fondos propios da autonomía
- Estas achegas equivalen a algo máis de dúas cotas mensuais á Seguridade Social e articúlense en resposta ao brutal impacto dos temporais de finais de 2023
- Tamén se habilitará unha liña de axudas que pretende contribuír a paliar as caídas de ingresos e perdas nun total de 67 entidades representativas da actividade

O Consello da Xunta aprobou hoxe proxecto de acordo polo que se convoca unhas axudas extraordinarias e de concesión directa destinadas a garantir a sustentabilidade da actividade marisqueira mediante a achega de 4 millóns de euros que pretenden contribuír a compensar a caída dos ingresos económicos provocados polas incesantes precipitacións que tiveron lugar desde mediados de outubro ata mediados de novembro de 2023, e que ocasionaron unha mortalidade severa nas poboacións de bivalvos dos bancos marisqueiros dos concellos costeiros do litoral galego.

Despois de media ducia de contactos cos representantes da Federación Galega de Confrarías de Pescadores e as federacións provinciais da Coruña, Pontevedra e Lugo, acordouse mobilizar este apoio que agora recibe luz verde por parte do Goberno autonómico, que mobiliza estes catro millóns de euros en fondos propios que permitirá asumir custos básicos da actividade, como o aboamento da cota da Seguridade Social.

Serán un total de 550 euros por persoa que van beneficiar a uns 7.061 profesionais, 3.087 do marisqueo a pé e outros 3.947 desde embarcación que contan con permisos de explotación (permex) en vigor. O cálculo da axuda faise con base no pagamento de 254,49 euros que pagan de media as mariscadoras a pé e os tripulantes pola súas cotizacións ao sistema, que en dous meses ascenden a 508,78 euros.

Cobrarán a axuda todas aquelas persoas que non chegasen a acadar durante o conxunto dos meses de outubro e novembro de 2023 o equivalente a 5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, IPREM, que é o índice de referencia en España para a asignación de axudas e subsidios en función dos ingresos e que, fixado na actualidade nos 600 euros/mes, situarían o limiar nos 3.000 euros. As persoas que estivesen cobrando prestacións (baixa ou cese de actividade) deberán achegar a cifra de ingresos para ver si, de forma combinada cos ingresos por marisqueo, acadan o dito nivel.

Nun próximo Consello está previsto aprobar ademais outra liña de axudas extraordinarias e directas para contribuír a paliar as perdas ou caídas de ingresos durante o período de outubro e novembro de 2023 das entidades asociativas do sector, facilitando recursos cos que frontar custos operativos básicos. Suporán un desembolso

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de arredor de 400.000 euros e chegarán a un total de 67 confrarías e outros colectivos que representan ao marisqueo en Galicia.

Estratexias a futuro e zona catastrófica

Esta axuda extraordinaria e directa é o primeiro paso a curto prazo dentro dunha planificación moito máis ampla a medio e longo prazo que pretende contribuír a que o sector recupere a súa capacidade produtiva na que está a traballar a Consellería do Mar e que estará aberta ás aportacións das organizacións representativas do sector.

Tras esta resposta urxente da Xunta haberá que aterse á espera de que o Goberno central responda á petición de zona catastrófica que se lle presentou o pasado mes de decembro e da que aínda non se ten resposta. Por esta vía poderíanse acadar medidas e recursos para resarcir os afectados polas perdas e minoración de ingresos ocasionadas pola caída de produción tras os temporais e unha exoneración das cotas á Seguridade Social que virían completar os apoios que mobilice o Executivo galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA INFORMA SOBRE A CONVOCATORIA DE AXUDAS, VALORADAS EN 2 MILLÓNS DE EUROS, PARA O ESTABLECIMENTO DE FAMILIAS GALEGAS RETORNADAS

- Estas axudas extraordinarias, que se incrementan nun 18 %, están dirixidas a que as familias poidan afrontar os gastos excepcionais que supón asentarse na comunidade
- As persoas interesadas contan co acompañamento da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno
- O Goberno Galego ten en marcha a segunda edición da Estratexia Galicia Retorna á que destina 450 millóns de euros co obxectivo de facilitar, ao longo dos vindeiros catro anos, o regreso de 30.000 galegos e galegas que viven no exterior

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria da liña de axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas, dentro da Estratexia Galicia Retorna, co obxectivo de axudarlles a afrontar os gastos excepcionais que supón o seu asentamento na comunidade autónoma. Cun orzamento global de 2 millóns de euros, esta partida vai dirixida a apoiar estas persoas retornadas nos gastos excepcionais derivados de asentarse na nosa comunidade.

O fomento do retorno dos galegos e galegas do exterior é unha das liñas estratéxicas do Goberno Autonómico para facer fronte ao reto demográfico, non só como unha cuestión poboacional, senón tamén para sumar talento e enriquecer o tecido empresarial con profesionais de ampla experiencia e formación.

O importe da axuda establécese en función das condicións e características sociais da familia, ata chegar a un límite de 6.000 euros, xa que se incrementa a axuda se a familia reside nun concello rural, as condicións de réxime da vivenda e en función do número de fillos. Os principais países de procedencia das persoas beneficiarias son, segundo os datos dos últimos anos, Suíza, Alemaña, Francia, Reino Unido, Venezuela, Arxentina, Brasil, Cuba, Uruguai, México, Estados Unidos e Chile. A maioría dos beneficiarios eran fillos de nados en Galicia, aínda que se está a notar un aumento no número de netos retornados.

Todos os galegos e galegas do exterior que desexen volver a Galicia contan co apoio da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, situada nas principais cidades galegas e onde se lles facilita toda a información que precisan no seu regreso, mesmo antes de que se produza esta volta, desde o seu país de residencia. Agora tamén, nunha oficina móbil que percorrerá toda Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA PECHOU 2023 CUNHA RATIO DÉBEDA/PIB DO 16,1 %, 3,7 PUNTOS MENOS QUE AO INICIO DA PANDEMIA

O Consello do Goberno galego analizou hoxe un informe referido ao endebedamento da Comunidade Autónoma no ano pasado

Galicia pechou 2023 cunha súa ratio de débeda/PIB ata o 16,1 %, 3,7 puntos por debaixo do nivel que presentaba este indicador ao inicio da pandemia (19,7 %).

Así se desprende dun informe sobre os datos provisionais de endebedamento da Comunidade no 2023 presentado na reunión do Consello polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos e que mostra que logo de tres anos consecutivos de redución do endebedamento, esta ratio será a máis baixa desde o ano 2013.

Hai que lembrar que cos últimos datos coñecidos para todas as comunidades autónomas referentes ao terceiro trimestre de 2023 e tras a recente actualización das cifras do PIB rexional realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE), a ratio de débeda de Galicia situouse no 16,2 %. Se se ten en conta a variable da poboación, ao peche do terceiro trimestre do ano pasado, a débeda media por habitante situouse en Galicia nos 4.469 euros, por debaixo da media autonómica.

Carteira de débeda

A estratexia desenvolvida nos últimos anos permitiu ir modulando unha estrutura da carteira de débeda protexida a curto e medio prazo do impacto derivado do endurecemento dos tipos de xuro.

Os datos provisionais do peche de 2023 mostran que preto do 90% da débeda da Xunta de Galicia esta formalizada a tipo de xuro fixo, o que reduce o risco derivado da suba de tipos de xuro.

Ademais, o Tesouro da Comunidade pechou o programa de endebedamento do ano pasado cunha emisión total de débeda de 1.514 millóns de euros, o que supón unha redución de 57 millóns de euros sobre as necesidades inicialmente previstas e dun 29 % en termos netos.

No que se refire a este ano 2024 a ratio de débeda continuará a senda descendente, tendo en conta, ademais, que nos orzamentos non está previsto o recurso a novo endebedamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA DESTINAR 13,2 M€ PARA A MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA OU-540, QUE UNE CELANOVA E BANDE COA FRONTEIRA PORTUGUESA

O Consello da Xunta acordou na súa reunión de hoxe destinar 13,2 millóns de euros a obras de mellora e acondicionamento da estrada OU-540, que une Celanova e Bande coa fronteira portuguesa. O obxectivo é reforzar a seguridade viaria nunha vía prioritaria polo seu papel para a vertebración do interior de Galicia e para impulsar a competitividade no sur da provincia de Ourense.

As obras incluírán actuacións en 42 quilómetros da vía ao seu paso polos concellos de Celanova, Vereas, Bande, Lobeira, Muíños, Entrimo e Lobios, así como polo parque natural da Serra do Xurés. Os traballos consistirán principalmente na rectificación de curvas, a mellora de interseccións ou a dotación de terceiros carrís.

O Executivo autonómico acordou impulsar esta actuación, mediante a aprobación do proxecto e a posterior licitación das obras do primeiro treito, centrado na contorna dos concellos de Celanova e Bande e que contará cun investimento de 6 millóns de euros.